XUNTA DE GALICIA | 12 DE OUTUBRO INSTITUTO DE ENSEÑANZA SECUNDARIA
Av. de Santiago, 2
32001 Ourense
Teléfono: 988788211
ies.12.outubro@edu.xunta.gal
www.12outubro.gal
IES 12 de OUTUBRO

CONVOCATORIA DE RECOÑECEMENTO PARA REDACTAR OS PROXECTOS FIN DE CICLO E MEMORIA DO MÓDULO FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABALLO EN LINGUA GALEGA NO CURSO 2025-2026.

Co fin de incentivar o uso de galego entre o alumnado de Formación profesional, o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) do IES 12 de Outubro convoca un recoñecemento para redactar os proxectos fin de ciclo (alumnado de ciclo superior) e a memoria do módulo formación en centros de traballo (alumnado de ciclo medio) en lingua galega para o curso 2025/2026.

As bases que regulan a convocatoria expóñense a continuación:

1. OBXECTO: O fin desta convocatoria é a de promover e incentivar o uso do galego na documentación fin de ciclo entregada polo alumnado do IES 12 de Outubro.
2. PARTICIPANTES: Poderán participar neste recoñecemento todo o alumnado do IES 12 de Outubro que redacte o proxecto fin de ciclo (alumnado de ciclo superior) e a memoria de formación en centros de traballo (alumnado de ciclo medio) en lingua galega para o curso 2025/2026.
3. RECOÑECEMENTO: O recoñecemento consistirá nun diploma acreditativo de ter redactadoo proxecto fin de ciclo (alumnado de ciclo superior) e a memoria de formación en centros de traballo (alumnado de ciclo medio) en lingua galega para o curso 2025/2026 para todo o alumnado participante. Así mesmo será concedida un bono regalo para unha libraría ou comercio da cidade de Ourense consistente en 50€ para o mellor proxecto fin de ciclo e 50€ para a mellor memoria do módulo formación en centros de traballo.
4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: O alumnado solicitante deberá enviar un correo electrónico á dirección pontedelingua@gmail.com cos seus datos (Nome e apelidos, ciclo formativo, titor/a e título do proxecto ou memoria do módulo formación en centros de traballo) anexando un pdf coa seu proxecto fin de ciclo (alumnado de ciclo superior) e a memoria de formación en centros de traballo (alumnado de ciclo medio) en lingua galega para o curso 2025/2026. O prazo para presentación de solicitudes estará aberto até o 20 de xuño.
5. COMISIÓN E CRITERIOS DE AVALIACIÓN: A comisión de avaliación das solicitudes presentadas estará composta por tres integrantes do EDLG que valorará a calidade linguística da redacción en lingua galega atendendo a criterios de avaliación como son a rigurosidade, a riqueza de vocabulario, o cumprimento das regras ortográficas e gramaticais.
6. RESOLUCIÓN: O día x de xuño serán publicadas nas redes sociais do equipo así como na páxina do centro IES 12 de Outubro a listaxe dos proxectos que recibiron o recoñecemento así como se contactará directamente ao alumnado que obtén o recoñecemento especial do

Av. de Santiago, 2
32001 Ourense
Teléfono: 988788211
ies.12.outubro@edu.xunta.gal
www.12outubro.gal

bono regalo para unha libraría da cidade de Ourense. A entrega dos diplomas e os bonos regalo será realizada no instituto 12 de Outubro.